


Non desanimarse. Hai outras vías de intentar conseguir o graduado en ESO e outros tipos de formación.

1.- PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL (P.C.P.I.)

- **FINALIDADE:** Conseguiir competencias profesionais propias dunha cualificación profesional de nivel 1 do CNCP. Posibilitar unha inserción sociolaboral satisfactoria. Acceso a ciclos de grao medio mediante proba.
- **DESTINATARIOS:**
- **Alumnado escolarizado** con dificultades de aprendizaxe, **alumnado desescolarizado** e **alumnado con necesidades educativas especiais.**
- **REQUISITOS DE ACCESO:**
- Non ter o título de graduado en ESO. Non ter cursado outro PCPI.
- **Idade.-** Alumnado entre 16 e 19 anos cumpridos no ano de inicio do programa. **Excepcionalmente:** alumnado de 15 anos, cumprindo os seguintes requisitos: Ter cursado 2º de ESO, ter repetido unha vez na etapa, non estar en situación de promocionar a 3º e ademais, é obrigatorio acordo dos pais e do menor e compromiso de cursar os módulos voluntarios conducentes á obtención da ESO.



- **DURACIÓN:** dous cursos académicos.
- **1º curso.-** módulos obrigatorios: específicos + formativos de carácter xeral.
- **2º curso.-** módulos voluntarios, conducen a obtención do **graduado en ESO.**
- **CERTIFICACIÓN E TITULACIÓN:**
- **Certificado de profesionalidade.** Superando os módulos obrigatorios o centro emite unha certificación coa que se pode solicitar a expedición do certificado de profesionalidade na Consellería de Traballo.
- **Superación da totalidade dos módulos do PCPI implica Título de Graduado en ESO.**

2.- FORMACIÓN PROFESIONAL: CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

- **ACCESO MEDIANTE PROBA:**
- Ter 17 anos ou cumprilos no ano de realización da proba.
- **ESTRUTURA DA PROBA DE ACCESO:**
Común para todos os ciclos formativos de grao medio.

a) parte socio-lingüística	Organizarse e 3 probas: - Lingua castelá. - Lingua galega. - Ciencias sociais.
b) parte matemática	Organizarse nunha única proba: - Matemáticas
c) Parte científico-técnica	Organizarse en 2 probas: - Ciencias da natureza. - Tecnoloxía

A cualificación da proba será a media aritmética da cualificación obtida en cada unha das partes sempre que non sexa ningunha inferior a catro. Para a **superación da proba** é necesario obter a cualificación de **cinco puntos ou superior.**

3.- ENSINANZAS PARA PERSOAS ADULTAS

Impártense ensinanzas básicas iniciais, de ESO, bacharelato, ciclos de formación profesional específica.....

- **MODALIDADES DE ENSINO:** presencial e a distancia
- **ACCESO:** ter cumpridos ou cumprir os **18 anos** no ano natural no que comeza o curso escolar. Tamén **maiores de 16 anos** que teñan un **contrato laboral** que non lles permita acudir aos centros en réxime ordinario ou sexan **deportistas de alto nivel.**
- **ORGANIZACIÓN DAS ENSINANZAS CONDUENTES Á OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN ESO (2º ETAPA):**
Estrúcturanse en **2 niveis** (I e II), **organizados de forma modular** en **3 ámbitos.** Cada **ámbito consta de 4 módulos** distribuídos cuatrimestralmente, correspondéndolle 2 módulos no 1º nivel e os 2 restantes ao 2º nivel.

Distribución horaria semanal da secundaria obrigatoria para persoas adultas.

Ámbitos de coñecemento	Módulos				Totais
	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	
Comunicación	6	6	4	4	20
Lingua estranxeira	2	2	2	2	8
Científico-tecnolóxico	8	8	8	8	32
Social	3	3	4	4	14
Titoría	1	1	1	1	4

Totais	20	20	19	19
---------------	-----------	-----------	-----------	-----------